

Neste ano Cabanillas son moitos os traballos que van aparecendo sobre a vida e obra do poeta de Fefiñáns. Xa foron pasando por estas páxinas obras como a de Luís Rei, Lucía Novas ou a edición da obra completa realizada por Dobarro e Pena. Agora, tócalle a edición crítica que nos ofrece o crítico e profesor Carlos L. Bernárdez, do último poemario que deixou en vida don Ramón: *Samos*.

Cabanillas tomou a decisión de retirarse nos seus últimos anos de vida ao mosteiro de Samos para descansar. Nada máis chegar decide poñerse a traballar na realización deste poemario que, sen chegar ás cotas de poemarios anteriores como Da terra asoballada ou Na noite estregada, non renega destes e posúe moitos dos trazos que fixeron de Cabanillas o "Poeta da Raza".

En *Samos* vense perfectamente moitos dos motivos que caracterizan a súa poética: celtismo, histo-

ricismo, mitoloxía e reivindicación. Xunto a eles aparecen neste

# Sintético e esclarecedor

## Do Cabanillas contemplativo

HÉITOR MERA



seu contemplativo poemario o misticismo, a relixiosidade adobiada dunha cristianización dos elementos míticos da nosa cerna. Non debemos esquecer que Ramón Cabanillas, xunto a outros seus correligionarios das Irmandades da Fala, bebeu do saudosismo a través das respectivas lecturas e mesmo do trato con Teixeira de Pascoas.

Polo tanto, Samos podería ser tido como un poemario epigonal, vestido de moitos dos aspectos que puxeron no cumio ao egrexio poeta e moitas das teimas que foron aparecendo, sobre todo, ao final da súa vida, como é a particularidade desde misticismo contemplativo que envolve a súa estancia no cenobio e

que se transforma no locus amoenus que vén encher o final dos seus días.

A cargo desta edición crítica, dixemos, o profesor Carlos L. Bernárdez que ofrece un estudo preliminar atinado: sintético e esclarecedor. Os criterios de edición son conservadores. Preocúpase de que a esencia do orixinal quede intacta nesta súa edición aínda que actualiza ortograficamente o texto respectando as diferentes incidencias léxicas e morfolóxicas. Con todo, e reconecendo un labor inxente, bótase en falta un aparato crítico máis potente no texto. Non hai unha soa nota a rodapé que poida ser aproveitada polo editor para facer as aclaracións pertinentes ao lector non iniciado. Supomos que está decisión débese ao feito de que o estudo preliminar é o suficientemente completo como para que non se faga necesario. Con todo, insistimos, bótase en falta.

Benzóns, pois, para esta iniciativa necesaria: recuperar da escuridade o último poemario do gran poeta das Irmandades da fala. *CABANILLAS, Ramón, Samos* (ed. Carlos L. Bernárdez), Ed. Xerais, Vigo, 2009, PVP15 €